

Educación Infantil

“No curro pasaba unha grande parte do meu tempo ollando pra as galiñas. Víaas escarabellar na terra, en procura de vermes e miñocas. Botáballes o millo. Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado cacarexar.”

- As pitas baixo a choiva

1º ciclo de Educación Primaria

“Merendabamos tostadas de pan con manteiga e zuce. Tiñamos unha cabuxa tan garimosa e tenra que saía connosco e ía tras de nós como un cadelino, pol-as corredeiras, cando andabamos a cazar grilos.”

- As pitas baixo a choiva

2º ciclo de Educación Primaria

“E unha nube moura esbaróu pol-o ceo e axiña veóuse o sol. [...] E a choiva comezou a caer. Era unha choiva de uran, torrencial, esmagadora. [...] Alampou un lóstrego. Como se un carro de patacas emborcara a súa carga, a rola, pol-o teito do ceo, o trono se escoitou.”

- As pitas baixo a choiva

3º ciclo de Educación Primaria

*Cabeleira de chuvia, ollos de néboa.
María Silenzo, esfarrapada, á espreita.*

*Sempre agardando, pola noite, as barcas.
A túa anguria fala con olladas.*

[...]

*Das fontes dos teus ollos
fluen ríos de sono.
Pero ti sempre dura e desvelada,
batida polo vento no peirán...*

- María Silenzo (O silencio axionllado)

1º ciclo de ESO

*E agora som un velho patrom que
se senta ao sol no banco de un passeio.
A minha vida fica atrás. Foi minha?
Quem fum outrora?*

- *Reticências...*

2º ciclo de ESO

*Anxo de terra, de cobarde arxila,
que co teu po queres rubir ao ceo
Antre o verde e o azul fas o teu niño.*

- *Anxo de terra (Anxo de terra)*

Aulas de apoio

*Cómo voltar as agullas do tempo
a marcar no reloxé da miña vida
a hora da i-alba?*

- *Evocazón da infanza perdida (Vieiros)*